



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, E A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO, PARA FINANCIAMENTO DE GASTOS RELATIVOS A CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, NO RECINTO FEIRAL INSTITUTO FEIRAL DA CIDADE DE VIGO

En Santiago de Compostela, a vintecinco de abril de dous mil dezaioito, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte D. _____, conselleiro de Economía, Emprego e Industria de la Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo por Decreto 148/2016, de 13 de novembro, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

E doutra parte, D. _____, con NIF _____, actuando no nome e representación da Fundación Instituto Feiral de Vigo, na súa calidade de director – xerente.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en adiante, a consellería, segundo o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 18, de 25 de xaneiro de 2018)„ é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior e dentro destas cabe sinalar, especificamente: a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector comercio e mais a promoción de sectores e produtos galegos, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexábel cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento.

SEGUNDO.- No orzamento de gastos para o exercicio 2018 inclúese a aplicación 09.30.751A.443.23, “Instituto Feiral de Vigo”, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015/00265, “Fundacións de carácter feiral. Mantemento e actividade feiral”. De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

TERCEIRO.- A fundación “Fundación Instituto Feiral de Vigo”, no sucesivo, a fundación, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción, e a tal fin vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona, actuacións que se concretan fundamentalmente en feiras, certames e exposicións. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública porque as accións de promoción comercial dos produtos e sectores galegos a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, obxecto deste convenio, realizaranse unicamente no recinto feiral do que é titular a devandita fundación.

CUARTO.- Con carácter previo á sinatura deste convenio, a fundación acreditou a concorrència ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no



artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

Así mesmo, esta subvención quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderá exceder dos límites cuantitativos de 200.000,00 euros nun período de tres anos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión da Unión Europea, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24.12.2013,L352/1).

Xa que logo, a fundación acreditará previamente á sinatura deste convenio, a obtención doutras axudas baixo o réxime de minimis, que non superen os límites establecidos no Regulamento sinalado no parágrafo anterior. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso.

Por todo iso, as partes consideran que a mellora da competitividade do recinto feiral e a posta en valor dos seus recursos favorece o desenvolvemento comercial, implementando as accións no ámbito da promoción feiral, e dado o interese coincidente da Consellería e a Fundación, acordan a formalización dun convenio de colaboración de acordo cas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Instituto Feiral de Vigo, para o financiamento de gastos correntes en que incurra a fundación na realización de accións de promoción comercial a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, no recinto feiral do que é titular a fundación, cun orzamento total de SESENTA E UN MIL CENTO SESENTA E CINCO EUROS (61.165,00), IVE excluído, e que se detallan no Anexo.

SEGUNDA.- A consellería alcanzará a cantidade de VINTESEIS MIL CATROCENTOS EUROS (26.400,00) , con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.443.23, proxecto de investimento número 2015/00265, do orzamento de gastos para o ano 2018.

TERCEIRA.- A fundación comprométese a executar as accións de promoción dentro do seu recinto feiral e a especificar a colaboración da consellaría en toda a documentación que delas se deriven, así como a financiar o resto do orzamento na cantidade de TRINTA E CATRO MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS (34.765,00)

Con carácter xeral e de acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado responderán á natureza da actividade subvencionada, e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2018.

Os gastos subvencionables ao abeiro deste convenio e os seus importes máximos serán os que estean vinculados aos conceptos detallados no orzamento establecido no Anexo ao convenio.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado á data de finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A fundación, como entidade promotora das actuacións obxecto deste convenio e co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométese a asumir a dirección técnica e deberá



proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, se é o caso á subcontratación dos servizos precisos para isto ata o 100% deles, asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo da aplicación da disciplina da contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

CUARTA.- A aportación da consellería para a realización das actividades obxecto deste convenio é compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

QUINTA.- O libramento da aportación pola consellería levarase a cabo unha vez que a fundación acredite a realización das accións de promoción que dan orixe aos gastos, mediante unha certificación expedida polo órgano competente que incluíra a relación de gastos, con data límite o 30 de novembro de 2018, coa conformidade da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Acompañarase unha relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por cada unha das actuacións desenvolvidas, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pago.

Ademáis achegarase a documentación acreditativa de realización do gasto, que consistirá nas facturas ou documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, e a documentación correspondente ao pagamento que se acreditará mediante transferencia bancaria e extracto bancario onde figure o cargo por esta. Nos documentos deberán quedar identificados o receptor e o emisor do pago, non admitíndose os pagos en efectivo. Dita documentación consistirá en orixinal ou copia compulsada por notario ou funcionario público. Se presenta os orixinais éstos serán devoltos ao beneficiario unha vez comprobada a xustificación.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia, a fundación deberá acreditar a concorrencia ou non con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

Ademais, acreditarase a obtención doutras axudas baixo o réxime de minimis, que non superen os límites establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión da Unión Europea, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24.12.2013,L352/1). Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso.

A aportación da consellería minorarase porcentualmente no caso de que a fundación non xustifique o orzamento total que figura na cláusula primeira.

Para facer efectivo o devandito libramento, cómpre que pola fundación se presenten certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, así como un informe de situación da entidade na que se recollan, como mínimo, a consecución de obxectivos vinculada ás achegas económicas recibidas para o ano 2018 e o desglose pormenorizado do aforro que se produza ou se puidera producir no exercicio, a situación laboral do persoal de acordo coa normativa vixente así como a situación das contribucións ou subvencións dos patróns e das distintas administracións públicas e outras entidades para o exercicio 2018 á data de presentación da xustificación e a previsión, no seu caso, a 31 de decembro de 2018; a relación



das feiras, certames e eventos de calquer tipo e alugueiro das instalacións, celebrados na anualidade.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio. Por outra banda, a fundación queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

SEXTA.- Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades achegadas pola consellería no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio. Así mesmo, toda alteración das devanditas condicións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación das cantidades establecidas na cláusula segunda deste convenio.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 25% do investimento subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

SÉTIMA.- A fundación presta o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44, 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

OITAVA.- Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2018.

Así mesmo, quedan incluídas as accións desenvolvidas e os gastos producidos dende o primeiro de xaneiro de 2018 e que se correspondan co obxecto deste convenio. Non se contempla a posibilidade de prórroga.

NOVENA.- A subscripción deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento.

O funcionamento da comisión de seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, do capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalguna das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 25.1.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación. Non obstante, se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio rexerese, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á consellería a prerrogativa de interpretación deste convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Na execución do presente convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a adoptar e implementar as medidas de seguridade a que se refire o artigo 9 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), e, en particular, as que correspondan en función dos niveis de seguridade esixible aos datos e ficheiros derivados da execución dos programas, conforme ao establecido no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei.

As partes comprométese a cumprir o disposto na LOPD e demais normativa sobre protección de datos de carácter persoal e, especialmente as obrigas de información e esixencia de consentimento expreso aos interesados para o tratamento e cesión dos seus datos coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento, execución e avaliación dos programas

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

POLA XUNTA DE GALICIA O conselleiro de Economía, Emprego e Industria	POLA FUNDACIÓN O director - xerente
D.	D.

ANEXO

ACTUACIÓNS – Mantemento e promoción do recinto feiral	ORZAMENTO DE GASTOS ASOCIADOS, DESAGREGADO POR CONCEPTOS	IMPORTE	ACHEGA CONSELLERÍA	ACHEGA FUNDACIÓN
Consumo enerxía eléctrica instalacións do recinto	Consumo Enerxía Eléctrica	50.000,00 €	21.580,97 €	28.419,03 €
Mantemento páxina Web e Redes Sociais	Mantemento páxina web e redes sociais	4.000,00 €	1.726,48 €	2.273,52 €
	Aloxamento Linux Prof. Sobre dominio ifevi.es			
	Xestión e trámite do alta do dominio ifevi.es			
Publicidade	Insercións publicitarias	165,00 €	71,22 €	93,78 €
Mantemento e revisións técnicas das Instalacións Feirais	Mantemento das instalacións térmicas	7.000,00 €	3.021,34 €	3.978,66 €
	Mantemento centralita de telefonía e ADSL			
	Mantemento e prevención de Lexionela			
		61.165,00 €	26.400,00 €	34.765,00 €

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

Terán a consideración de investimento subvencionable os gastos directos imputables á organización, montaxe, promoción e servizos, obxecto de contratación externa, para as actuacións subvencionadas.

Os custos indirectos terán a consideración de investimento subvencionable, sempre que se imputasen polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Serán admisibles tamén os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado. Os gastos de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta.



IFEVI-CALENDARIO DE FEIRAS PROGRAMADAS PARA O ANO 2018

1.-Galiexpo MotorShow 2018

02/02/2018 - 04/02/2018

2.- Galiexpo Bike and Running 2018

02/02/2018 - 04/02/2018

3.- VIII Salón del Vehículo Clásico y de Época

17/02/2018 - 18/02/2018

4.- XXVII Salón del Automóvil y Motocicleta

11/04/2018 – 15/04/2018

5.- Motor Ocasión XVIII Salón de Vehículo Usado

19/04/2018 - 22/04/2018

6.- Navalía 2018

22/05/2018 - 24/05/2018

7.- Conxemar 2018. Feria Internacional de Productos del mar congelados

02/10/2018 – 04/10/2018

8.- Findeu Feira Internacional de Emprego Universitario

23/10/2018 – 24/10/2018

9.- Feria Todo Hogar Factory

16/11/2018 – 18/11/2018

10.- Vigobodas

17/11/2018 – 18/11/2018

11.- Caroutlet Vigo 2018

23/11/2018 – 25/11/2018